

## ACTA NÚM. 8/13

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 16 DE SETEMBRO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día dezaseis de setembro de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

##### Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

##### Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.<sup>a</sup> María Xesús Castro Calviño

##### Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. M<sup>a</sup> Margarita Canay Pintos.

##### Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

#### ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- FESTIVOS LOCAIS 2014
- 3.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2012.
- 4.- CONVENIO RECOLLIDA E TRATAMENTO RESIDUOS DOMESTICOS.
- 5.- MOCIÓNS.
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

#### **1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-**

Dase conta da acta de data 29.08.2013, observase un erro consistente na omisión do nome da Sra. Canay Pintos na relación de asistentes, apróbase a acta por unanimidade coa corrección sinalada.

## **2.- FESTIVOS LOCAIS 2014.-**

O Sr. Alcalde dá conta do escrito recibido do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, no que nos dan traslado do Decreto 127/2013, do 1 de agosto (DOG núm. 151, do 8 de agosto) polo que se determina o calendario laboral para o 2014 da Comunidade Autónoma de Galicia e có obxecto de que se faga a proposta de festas locais de conformidade co artigo 37.2 do Rd. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 45 e 46 do R.D. 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do R.D. 1561/1995 do 21 de setembro.

A Corporación Municipal, por unanimidade acorda:

Primeiro.- Fixar os días 13 de xuño de 2014 (Festa do Viño) e 3 de outubro de 2014 (Romaría de San Breixo), como festivos locais para o exercicio 2014.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

## **3.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2012.-**

A seguir dase conta da Conta Xeral do exercicio 2012 que consta na documentación preceptiva.

A Conta Xeral do exercicio 2012 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 30 de maio de 2013 e someteuse a información pública mediante publicación de anuncio no Taboeiro de Edictos e no B.O.P. nº 108 do 6 de xuño de 2013, sen que se formularsen alegacións á mesma.

Consta xunto coa documentación do expediente da Conta Xeral informe económico financeiro detallado do Secretario Interventor no que entre outros aspectos se da conta do carácter vinculante do Plan de Axuste aprobado e da periodicidade do envío de documentación ó Ministerio de Hacienda para un pormenarizado seguimento das medidas comprometidas polo concello en materia de contención do gasto, pago puntual ós provedores e do cumprimento das medidas previstas no Plan de Axuste.

Tamén consta no expediente da Conta Xeral o preceptivo informe coa relación de reparos efectuados polo Secretario-Interventor en base ó previsto no art. 218 do RDL 2/2004 no que se sinala que o órgano interventor elevará informe ó pleno tódalas resolucións adoptadas contrarias ós reparos de intervención. A relación de reparos reflexa reiterados incumplimentos da lexislación aplicable na xestión do gasto.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr Alcalde para aclarar que a Conta Xeral estivo a disposición dos concelleiros e foi sometida a información pública .

Polo Sr. Fernandez Abraldes do BNG sinálase que a xestión económica do Sr. Alcalde durante moitos anos levounos a un nivel de falta de previsión e a necesidade dun endebedamento que deixou ó concello sin posibilidade de manobra limitado o pago do préstamo derivado do plan de pago ós provedores, e anuncia o voto do seu grupo en contra.

Sr Sanmartin Soto do PSdeG-PSOE, sinala o traballo profesional dos funcionarios na elaboración da Conta Xeral pero mostra o desacordo coa xestión económica que seguiu o Sr. Alcalde e anuncia o voto en contra da súa aprobación.

**Sometido o asunto a votación, acórdase co seguinte resultado: 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, Manuel Rivas Reboredo e o Sr. Alcalde (PP); e 5 votos en contra; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):**

Primeiro.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2012 nos termos e cifras nos que foi redactada e co seguinte resumo:

RESULTADO PRESUPOSTARIO a 31/12/2012				
	Dereitos recoñecidos netos	Obrigacións recoñecidas netas	AXUSTES	RESULTADO PRESUPOSTARIO
a. Operacións correntes	1.852.693,32	1.761.703,25		90.990,07
b. Outras operacións non financeiras	105.826,39	90.966,58		14.859,81
1. Total operacións non financeiras (a b)	1.958.519,71	1.852.669,83		105.849,88
2. Activos financeiros	0,00	0,00		0,00
3. Pasivos financeiros	1.162.908,97	139.734,68		1.023.174,29
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO</b>	<b>3.121.428,68</b>	<b>1.992.404,51</b>		<b>1.129.024,17</b>
<b>AXUSTES</b>				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos ral.			0,00	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			0,00	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			31.664,14	
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO</b>				<b>1.097.360,03</b>

REMANENTE DA TESOURERIA a 31/12/2012			
		IMPORTES ANO 2012	IMPORTES ANO ANTERIOR 2011
1. ( ) Fondos líquidos		54.785,70	55.814,34
2. ( ) Dereitos pendentes de cobro		545.517,18	240.182,07
( ) do Orzamento corrente	482.959,85	156.854,90	
( ) de Orzamentos pechados	59.430,28	82.437,47	
( ) de operacións non presupostarias	3.127,05	889,70	
(-) cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	0,00	
3. (-) Obrigacións pendentes de pago		267.458,37	1.212.931,68
( ) do Orzamento corrente	91.437,98	498.247,87	
( ) de Orzamentos pechados	143.460,71	633.281,28	
( ) de operacións non presupostarias	74.612,69	81.402,53	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	42.053,01	0,00	
I. Remanente de tesourería total (1 2 - 3)		332.844,51	-916.935,27
II. Saldos de dubidoso cobro		7.464,03	0,00
III. Exceso de financiamento afectado		31.664,14	77.311,77
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)		293.716,34	-994247.04

Segundo.- Rendir ó Consello de Contas copia da Conta Xeral do 2012 aprobada e dentro dos prazos establecidos no artigo 204 e 223 do RDL 2/2004 citado.

#### **4.- CONVENIO RECOLLIDA E TRATAMENTO RESIDUOS DOMESTICOS.-**

Polo Sr. Alcalde dase conta do texto do convenio enviado pola Deputación Provincial para continuar a tramitación da Colaboración da Deputación no servizo de recollida do lixo.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernandez Abraldes, sinalando que se había sometido a suxerencias da corporación o texto inicial do convenio e compróbase que ditas suxerencias non se reflexan no texto sometido a aprobación, en concreto trátase de medidas de fomento da reciclaxe, concienciación sobre a súa importancia e da distribución detallada dos puntos de recollida para facer posible a participación dos veciños nunha estratexia de reciclaxe.

Sr. Alcalde, aclara que se trata dun convenio e que determinados aspectos prácticos de recollida se irán resolvendo sobre a marcha e que o servizo ten un coste polo que non se van a manter os precios anteriores.

Sr Fernandez Abraldes, lembra que non se fala duns topes máximos e mínimos de coste do servizo e se inclue un réxime transitorio xusto ata pasadas as vindeiras eleccións para logo incrementarlle ós veciños a aportación a financiación do servizo.

Sr. Alcalde, remarca a importancia das economías de escala que permiten con un maior volumen de xestión abaratar costes dun servizo e lembra que os concellos que mais cobran tampouco cubren o coste do servizo.

Sr. Sanmartin Soto, lembra que o mais importante para os veciños é prever o coste que lles vai supor o servizo e iso non está claro a pesares das ventaxas das que está a falar o Sr. Alcalde.

O Asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de data 16/09/13.

**Sometido o asunto a votación, acórdase co seguinte resultado: 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, Manuel Rivas Reboredo e o Sr. Alcalde (PP); e 5 votos en contra; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):**

**Primeiro.-** Aprobar o texto do convenio que se transcribe a seguir:

**“CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LIMPOS, NOS DITOS CONCELLOS.**

No actual contexto de crise económica a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos da provincia consideran positivo o establecemento dunha fórmula intermunicipal de xestión do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como dos puntos limpos, no senso de introducir unha visión global do servizo, tanto no aspecto funcional (tentando acadar un servizo integral no marco da lexislación vixente, do Plan de Xestión da Recollida de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e das esixencias da sociedade actual) como dende un punto de vista territorial (establecendo fórmulas de prestación estables no tempo e equitativas dende o punto de vista económico que, superando as naturais limitacións técnicas, económicas e administrativas de cada Concello, garantan en condicións de igualdade o acceso a un servizo de calidade de tódolos cidadans, calquera que sexa o seu lugar de residencia).

Dende este punto de vista as partes consideran que para abordar accións de modernización, ampliación e mellora do servizo resulta conveniente a colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra en canto que elemento institucional vertebrador das relacións intermunicipais que garanta, por unha banda, contar cun soporte administrativo estable e doutra banda, na súa condición de goberno local intermedio, o exercicio dunha función de coordinación e intermediación entre os concellos implicados.

Partindo desta perspectiva considerase que é preciso establecer unha relación de colaboración con fin de acadar os obxectivos seguintes:

- 1- Establecer unha fórmula intermunicipal de xestión do servizo que permita acadar a máxima eficacia, eficiencia, racionalidade e calidade na súa prestación.
- 2- Dada a natureza municipal do servizo, a fórmula elixida deberá garantir a **participación** dos concellos.
- 3- Garantir unha prestación homoxénea na totalidade do territorio que constitúa o ámbito do servizo.
- 4- Garantir unha xusta distribución dos custes do servizo entre o conxunto da poboación usuaria.

Para acadar estes obxectivos a mellor fórmula pasa pola **delegación de competencias** dos concellos na Deputación para que esta proceda ó seu exercicio dun xeito conxunto. Dende un punto de vista legal esta fórmula encaixaría no disposto, entre outros, nos artigos 27 e 36 a 38 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 66 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e no artigo 117 da Lei **5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Con esta delegación de competencias, que afecta ós intereses propios de cada Concello, mellórase a eficacia da xestión pública do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, tal e como acreditan os informes técnicos que obran no expediente administrativo da súa razón.**

A principal dificultade para o establecemento desta fórmula reside na concreta definición do ámbito da delegación, é dicir, na decisión sobre qué facultades se delegan e qué mecanismos de control se reservan os concellos na súa condición de titulares das competencias. Para a concreta definición da fórmula de delegación partíuse das seguintes premisas:

- a) Considerouse conveniente que se efectuase unha **delegación** de tódalas facultades administrativas relativas ó servizo, pois só dende esa perspectiva global-abrangendo tódolos aspectos, dende a ordenación e planificación do servizo ata o establecemento das correspondentes taxas,- é posible acadar unha fórmula de xestión verdadeiramente intermunicipal e aproveitar ó máximo as vantaxes que a xestión conxunta supón.
- b) Sen prexuízo do anterior, é necesario que se lles garanta ós concellos o seu dereito a controlar o uso da delegación por parte da Deputación, polo que se estima imprescindible a existencia dun **consenso** básico que posibilite a súa execución pola administración provincial.

Partindo destas premisas o presente convenio ten o seguinte contido fundamental:

-En primeiro lugar establécese a delegación na Deputación Provincial das facultades de ordenación, planificación, xestión e execución do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como da xestión dos puntos limpos, incluíndo o exercicio das facultades para o establecemento, imposición e ordenación das correspondentes taxas e o exercicio da potestade sancionadora.

- Prevese a constitución dunha **comisión de seguimento** con importantes facultades de control, informe e interpretación do convenio, como órgano permanente de enlace entre a Deputación e os concellos delegantes.

- Establécese de xeito detallado o ámbito da delegación, así como os mecanismos de control e participación

dos concellos delegantes, especificando aqueles supostos nos que o exercicio das facultades delegadas require a intervención da comisión de seguimento.

-Regúlase os dereitos e obrigas das entidades locais asinantes do convenio.

-Regúlase o réxime do persoal adscrito ós actuais servizos municipais que pasará a depender laboralmente da empresa que no futuro preste o servizo en virtude de **sucesión de empresa**, de conformidade co establecido no Estatuto dos Traballadores.

-Como queira que a adhesión ó presente servizo suporá, na maioría dos casos, un aumento do importe das taxas que actualmente cobran os concellos, establece un réxime transitorio ata o 2016 no que estes seguirán ostentando a potestade tributaria de imposición e ordenación da súa taxa, de xeito que os custos directos e indirectos do servizo serán financiados polos Concellos. Así mesmo, durante ese período de tempo, os Concellos adheridos a este Convenio deberán acomodar as súas respectivas Ordenanzas Fiscais ó modelo de Ordenanza Provincial proposto e procurar que as taxas experimenten as variacións necesarias para que, no horizonte do ano 2016, o seu importe cubra o custo do servizo ou se acerque a dito obxectivo

-Finalmente, para facilitar e optimizar a xestión do servizo, o convenio establece a delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión catastral e xestión tributaria e recadación do Imposto de Bens Inmóbiles e o Imposto de Actividades Económicas (IBI e IAE).

Polo exposto, no uso das facultades que lles confire o vixente ordenamento, as partes acordan subscribi-lo presente convenio de cooperación para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das competencias delegadas e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión dos puntos limpos, nos Concellos adheridos de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión dos puntos limpos, nos Concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes que decidan adherirse ao presente Convenio, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

### **Segunda.- Delegación de competencias relativas ó servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.**

1. En virtude deste convenio, os Concellos que se adhieran ao mesmo delegan na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, a xestión dos puntos limpos así como as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme coa lexislación vixente, lles correspondan ós concellos.

2. A delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, e xestión dos puntos limpos, comprenderá o exercicio dos seguintes aspectos:

a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente ordenanza reguladora.

b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais.

c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.

d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, as rutas e calendarios de recollida, a localización de colectores e as condicións da súa prestación, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.

e) O exercicio da potestade sancionadora, incluíndo a realización de inspeccións e comprobacións do cumprimento da normativa vixente en materia de residuos sólidos urbanos, así como a emisión de ordes de execución, cando legalmente proceda.

f) A asunción, fronte a terceiros, dos dereitos e obrigas que lle corresponderían ós concellos adheridos en tanto que titulares do servizo exclusivamente nas relacións xurídicas derivadas da execución do servizo que xurdan a partir da súa prestación efectiva por parte da Deputación.

Para estes efectos, a Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos domésticos e asimilables recollidos nos termos previstos na vixente lexislación de residuos e subscribirá os oportunos contratos de servizo coa empresa pública SOGAMA, SA, así como os convenios que procedan cos Sistemas de Responsabilidade Ampliada (anteriormente chamados Sistemas Integrados de Xestión) e coas empresas recicladoras coas que sexa procedente.

En ningún caso a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá as posibles deudas que os concellos adheridos poidan ter contraídas con anterioridade a data de inicio da xestión do servizo provincial con SOGAMA S.A ou calquera outra persoa física ou xurídica coma consecuencia da prestación do servizo.

g) A organización dos traballos de recollida e tratamento, a realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.

h) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnica ou servizos necesarios para a súa xestión.

i) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

j) A xestión dos puntos limpos.

3. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de recollida de residuos domésticos e asimilables comprende as prestacións de recollida, transporte e entrega a un xestor autorizado – de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia-dos residuos que de acordo coa lexislación vixente (Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos contaminados) teñen a consideración de residuos domésticos, comerciais ou industriais non perigosos.

Nesta definición, enténdense comprendidas a recollida selectiva de papel – cartón, vidro e envases lixeiros, así como calquera outro servizo de recollida de residuos que, durante a vixencia deste convenio, poida atribuírle a lexislación vixente á competencia municipal.

4. As competencias delegadas exerceranse na totalidade do territorio dos concellos delegantes.

5. A delegación de competencias ás que se refire o parágrafo segundo, de carácter indefinido, terá plenos efectos desde o inicio da prestación efectiva do servizo por parte da Deputación, agás o relativo ó establecemento, ordenación e imposición das taxas cuxos efectos se referirán ó 1 de xaneiro de 2016, sempre que en dita data o servizo provincial esté funcionando.

**Terceira.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de**

**residuos sólidos domésticos e asimilables, así como a xestión dos puntos limpos.**

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio.

2. Os Concellos delegantes resérvanse a facultade de controlar o exercicio das competencias delegadas para o que poderán solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra, en calquera momento, información sobre devandito exercicio mediante escrito dirixido á Presidencia. A información solicitada deberá remitirse no prazo máximo de 15 días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada da Deputación Provincial, sen prexuízo de que devandito prazo poida ser ampliado noutros quince días hábiles en función da dificultade da súa elaboración.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á Comisión de Seguimento sobre a marcha do servizo.

**Cuarta.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.**

1. No momento en que se faga efectiva a delegación de competencias segundo o establecido na cláusula segunda, apartado 5, e sempre que o Concello así o decida, o persoal laboral, calquera que sexa o tipo contractual (fixo, indefinido ou temporal) que procedente dos concellos delegantes estivese adscrito de xeito exclusivo ós seus servizos municipais de recollida de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, pasará a depender da empresa adxudicataria que preste o servizo en virtude de sucesión de empresa nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores; esta cláusula non será de aplicación ó persoal do Concello que teña a condición de funcionario de carreira ou funcionario interino e que seguirá pertencendo á plantilla municipal.

O persoal obxecto de subrogación en virtude de sucesión de empresa relacionarase por cada un dos Concellos adheridos cumprimentando/ratificando o modelo/contido do anexo I que se adxunta o presente convenio.

2. A partires dese momento devandito persoal dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, e por ende esta terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empleador, a tenor da lexislación laboral e social vixente en cada momento, sen que en ningún caso poida alegarse polo devandito persoal dereito algún en relación coa Deputación de Pontevedra nin esixir a esta responsabilidade de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre a empresa adxudicataria e o seu persoal.

Este persoal en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto da Deputación, debendo a empresa ter debidamente informado ao persoal do citado extremo.

3. Ao finalizar o período da adxudicación deberán terse en conta as seguintes situacións:

a) De asumir a Deputación Provincial de Pontevedra a xestión directa do servizo en ningún caso poderase traspasar persoal contratado polo concesionario para tal fin.

b) De adxudicarse a prestación do servizo a outra empresa externa, ésta deberá subrogar nos dereitos e obrigas contraídos con aqueles traballadores que non teñan atribuídas facultades de dirección e xestión que seguirán pertencendo á empresa á que sucede.

c) De producirse a reversión da prestación do servizo nos respectivos Concellos, o persoal traspasado inicialmente e que figura no anexo I incorporarase no concello de orixe nas mesmas condicións que o persoal laboral do concello e conforme a normativa local vixente, salvo nos seguintes supostos:

1. Que o persoal laboral temporal traspasado extingua o contrato formalizado polo



concello durante este periodo.

2. Que o persoal laboral fixo ou indefinido do Concello optase por continuar na mesma empresa, en cuxo caso serán declarados na situación administrativa que corresponda segundo o disposto no convenio colectivo de aplicación.

4. No momento en que se faga efectiva a delegación de competencias segundo o establecido na cláusula segunda, apartado 5, quedarán adscritos ó novo servizo, nos termos establecidos no artigo 17 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, tódolos medios materiais municipais que ata ese momento estivesen destinados de xeito exclusivo ó servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, no termo municipal do concello delegante.

Os medios materiais obxecto de transferencia relacionaríanse por cada un dos Concellos adheridos cumprimentando/ratificando o modelo/contido do anexo II que se adxunta ó presente convenio; devanditos medios serán obxecto dunha valoración inicial (tendo en conta a súa vida útil, o seu valor residual e outros) ós efectos contables e financeiros pertinentes e así poder facer a liquidación oportuna no caso da reversión do servizo ós concellos.

#### **Quinta.- Réxime económico do servizo delegado.**

1. Os custos directos e indirectos do servizo delegado financiarase con cargo á taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos domésticos e asimilables referenciado a vivendas e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade, taxa que constará dunha parte fixa e dunha parte variable e cuxa regulación detallada reflectirase na correspondente Ordenanza Fiscal Provincial.

A parte fixa e a variable guardarán relación, respectivamente, co custo da recollida dos residuos dos contedores e o seu transporte ás plantas de transferencia e co tratamento e eliminación final dos residuos recollidos en cada concello.

2. No caso de que o importe da recadación da taxa provincial de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables fose insuficiente para cubrir ditos custos, os posibles desequilibrios corríxiranse, no seu caso, mediante o incremento do importe das taxas sen penalizar outros ingresos dos Concellos.

3. Para facilitar e optimizar a xestión do servizo, os concellos que se adhieren a este Convenio marco delegan na Deputación Provincial de Pontevedra, de non estar xa delegado, a xestión catastral e o exercicio das competencias de xestión tributaria e recadación do Imposto de Bens Inmóveis e o Imposto de Actividades Económicas (IBI e IAE).

#### **Sexta. Comisión de Seguimento.**

1. Establécese unha Comisión de Seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

a) En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue, con voz e voto. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.

- O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro, o xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b) En representación dos concellos:

- Os alcaldes respectivos, ou concelleiros nos que deleguen, con voz e voto que poderán comparecer asistidos de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da Comisión de Seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. Na Comisión de Seguimento corresponderalle a cada Concello un voto. O representante da Deputación Provincial contará cun número de votos equivalente á metade dos votos dos concellos.

3. Son dereitos e obrigas da comisión as seguintes:

a) Ser informada, polo menos semestralmente, do exercicio das competencias delegadas así como das incidencias advertidas no funcionamento do servizo.

b) Informar calquera modificación ou novación deste convenio.

c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.

d) Informa-los supostos de resolución do convenio.

e) Ser oída no procedemento de adxudicación

4. A Comisión de Seguimento poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

5. A Comisión de Seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que este convenio estableza un quórum diferente.

6. No non previsto neste convenio, o funcionamento da Comisión de Seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no título II da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Sétima. - Réxime xurídico**

Este convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Oitava. - Duración do convenio.**

O presente Convenio ten unha duración indefinida.

#### **Novena.- Causas de resolución do convenio**

1. Serán causas de resolución do convenio, no referido a cada concello, as seguintes:

a) Por mutuo acordo entre as partes.

b) Por denuncia de calquera das partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate do período contractual da prestación do servizo provincial.

c) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da Comisión de Seguimento

a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.

#### **Décimo. -Régime transitorio.**

1. Establécese un período transitorio ata o ano 2016 no que os concellos seguirán ostentando a potestade tributaria de imposición e ordenación da súa taxa de xeito que os custos directos e indirectos do servizo serán financiados polos Concellos. Así mesmo, durante ese período de tempo, os Concellos adheridos a este Convenio deberán acomodar as súas respectivas Ordenanzas Fiscais ó modelo de Ordenanza Provincial proposto e procurar que as taxas experimenten as variacións necesarias para que, no horizonte do ano 2016, o seu importe cubra o custo do servizo ou se acerque a dito obxectivo

2. No caso de que o importe da recadación das taxas fose insuficiente para cubrir ditos custos, a diferenza deberá abonala cada concello en función das toneladas de residuos que se recollan, toneladas que se determinarán mediante aparatos medidores instalados nos contedores e camións de recollida.

Antes do comezo da prestación efectiva do servizo pola Deputación comunicárase ós concellos o custo do mesmo e os ingresos estimados da taxa municipal en base os datos do exercicio anterior, indicando, de ser o caso, o déficit existente. Os ingresos dos concellos á Deputación faranse mediante a retención dos anticipos de recadación correspondentes á taxa de recollida de lixo, e a parte de custo que non se cubra con estes ingresos faranse con cargo ós anticipos de recadación correspondentes ó Imposto de Bens Inmóveis e, no seu caso, con cargo os do Imposto de Actividades Económicas. Ó finalizar o exercicio, una vez se coñezan os datos reais de custos e ingresos da taxa, practícarase a correspondente regularización ou liquidación.

3. Como mecanismo de garantía do cumprimento dos compromisos adquiridos durante o réxime transitorio, a recadación obtida do Imposto de Bens Inmóveis e do Imposto de Actividades Económicas (IBI e IAE) quedará afectada expresamente, na porcentaxe que sexa necesaria, ó financiamento da parte do custo da prestación do servizo de cada Concello que non se cubra coa taxa de recollida e tratamento de lixo.

#### **Décimo primeira- Adhesións ó Convenio.**

1. As entidades locais da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior ós 50.000 habitantes que desexen adherirse a este convenio deberán remitirle á Deputación de Pontevedra, no prazo dun **mes** desde á súa notificación por escrito, unha certificación do acordo do órgano competente do respectivo Concello que comprenda os seguintes extremos:

- Adherirse ó convenio, acordando expresamente a delegación de competencias ás que se refiren as cláusulas segunda e sexta e asumindo o réxime económico xeral e transitorio establecido no convenio.
- Facultar o alcalde para asinar os documentos que deriven deste convenio

2. As entidades locais que despois do prazo dun mes dende a súa notificación non se adherisen ao Convenio e desexen facelo con posterioridade, deberán solicitalo segundo a forma establecida no parágrafo primeiro; no caso de que a nova adhesión implique maiores custos na prestación do servizo, segundo determinen os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra, aqueles deberán ser asumidos polo concello.

3. Para as entidades locais que no momento de notificarse este convenio teñan contratado cun terceiro o servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, deberán solicitar a adhesión ó servizo provincial cunha antelación mínima de tres meses antes do remate de dita relación contractual, co fin de que os servizos técnicos da Deputación poidan elaborar os estudos e facer os trámites necesarios que garanten a efectividade da nova adhesión; transcorrido dito prazo será de aplicación o disposto no parágrafo anterior.



**ANEXO I**

CONCELLO DE .....

MEDIOS PERSOAIS ADSCRITOS AO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO Á XESTIÓN DOS PUNTOS LIMPOS.

NOME E APELIDOS	RELACIÓN CONTRACTUAL (LABORAL FIXO, INDEFINIDO, TEMPORAL)	XORNADA DE TRABALLO (A TEMPO COMPLETO/ PARCIAL/ Nº HORAS/ HORARIO DE TRABALLO)	CATEGORÍA PROFESIONAL	SALARIO BRUTO ANUAL (CON SEGURIDADE SOCIAL)	IDADE	ANTIGÜIDADE

## ANEXO II

CONCELLO DE .....

MEDIOS MATERIAIS ADSCRITOS AO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO Á XESTIÓN DOS PUNTOS LIMPOS.

### RECOLLIDA

MEDIOS MATERIAIS	NÚMERO
Camión recolector compactador carga traseira 16 m3	
Camión recolector compactador carga traseira 9 m3	
Camión recolector compactador con outra capacidade	
Camión grúa basculante	
Contedor soterrado	
Contedor ata 800 litros	
Contedor ata 1.100 litros tapa pechada	
Contedores con outra capacidade	
Contedor envases	
Contedor papel	
Contedor vidro	
Contedor pilas	

### PUNTOS LIMPOS

MEDIOS MATERIAIS	NÚMERO
Contedor metálico aberto de 30 m3	
Contedor metálico aberto de 8 m3	
Contedor metálico aberto con outra capacidade	
Conxunto de contedores residuos perigosos varias capacidades	
Contedores iglú 3 m3	

### OUTROS MEDIOS MATERIAIS

**Segundo.-** Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e para a realización dos tramites necesarios a execución do presente acordo.

**5.- MOCIÓNS.**- A seguir dase conta das seguintes mocións:

#### **M-1.- Moción referida ao uso e ampliación das instalacións deportivas.-**

Dase conta da moción presentada por Xosé Manuel Fernández Abraldez, portavoz do BNG no Concello de Barro, relativo ao uso e ampliación das instalacións deportivas, que se transcribe literalmente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A carencia de instalacións deportivas no noso concello é de sobre coñecida e por iso que as poucas que temos deben estar perfectamente equipadas para a súa utilización e ao mesmo tempo hai que darlle o maior uso posibel.

En Barro xa tivemos un pavillón de deportes que se pudriu por falta de uso tendo que construírse un novo, que debe ter unha utilización intensiva e a disposición de todas as persoas do concello que queiran practicar deporte nel.

Temos tamén unha pista de tenis recente pero que ten algunhas carencias. Unha delas é un enganche eléctrico en precario e non se permite aos usuarios e a usuarias o encendido do alumeado da pista para poder utilizala mais horas, sobre todo no inverno cando diminúe o número de horas de iluminación solar. Tamén carece de vestiarios e servizos no seu entorno o que causa un importante transtorno.

Pola importante afición que existe do deporte do tenis en Barro a pista ten moito uso, chegando a celebrarse importantes competicións organizadas polo clube de tenis (mesmo un trofeo que se celebrou este ano dentro da programación da festa do viño). Esas competicións cunha sóa pista resultan moi difíciles de organizar polo importante número de inscritos e inscritas e polo tanto teñen que habilitarse outros espazos deportivos existentes para facilitar a súa celebración.

O Pavillón de deportes municipal está preparado para disputar nel varios deportes diferentes, tamén para o tenis, polo que só é necesrio mercar unha rede e pintar o campo de xogo. Ao mesmo tempo resolvería a falta de vestiarios e servizos que ten a pista de tenis e podería utilizarse tamén dos días de choiva.

Está redactado un proxecto da Deputación Provincial para dotar o campo de fútbol municipal de herba sintética. Ao norte dese campo queda unha franxa de terreo sen ocupar que podería habilitar como unha pista multiusos na que poder practicar tenis, baloncesto, etc....

Por todo o exposto, o Pleno do concello acorda aprobar a seguinte

**MOCIÓN:**

1. Habilitar o pavillón municipal de deportes para a práctica tamén do tenis, e que se autorice o uso do mesmo a todos os veciños e veciñas de Barro que o solicitante para a práctica do deporte.
2. Que se dote a pista de tenis dunha conexión eléctrica segura, e se permita o encendido do alumeado cando sexa necesario. Que se instale tamén no entorno unha fonte de auga potabel que de servizo aos usuarios da pista de tenis e do parque infantil próximo.
3. Dirixirse á Deputación Provincial para solicitar a habilitación do espazo que queda sen ocupar ao norte do campo de fútbol como pista multiusos.

Barro, 13 de setembro de 2013".-----

Sr. Alcalde, lembra o escrito de alegacións do BNG ó proxecto da cidade deportiva do Pontevedra e si non fose polos atrancos postos por algúns poderíamos haber tido unhas instalacións fai xa anos de haberse concretado unha permuta de terreos coa Comunidade de Montes de Perdecanaí.

Sr. Fernandez Abraldes, contesta que está desviando a atención sobre o problema xa que o BNG non presentou alegacións en todo caso serían outros os que non souperon facer as cousas ben e que non entende porque non se facilita o uso do pavillón municipal no que tamén se poderían practicar outras modalidades deportivas incluído o tenis e propón que o mesmo tempo que se fai a obra do campo de herba sintética se aproveite para facer pistas no terreo colindante que se poderían utilizar para a práctica de deportes como o tenis.

Sr. Alcalde, que en relación coa pista de tenis se esixiu que os participantes na competición estén federados e que a utilización das pistas se faga de xeito

ordenado, que para pista de tenis se vai a habilitar o pavillón de Curro porque o chan do pavillón situado en Santo Antoniño non é axeitado para xogar o tenis e polo que se refire ó campo de fútbol de Cesto Redondo no lugar de Outeiro que unha vez se faga o campo de herba sintética se tratará de facer instalacións complementarias no terreo disponible.

Sr. Fernandez Abraldes, en relación co proxecto da cidade deportiva sinala que o problema foi do Alcalde que antes de contar coa aceptación da Comunidade de Montes da parroquia de Perdecanaí presentou o proxecto na Xunta de Galicia presumindo que xa dispoñía dos terreos necesarios.

Sr. Sanmartín Soto, que se congratula pola construción dun campo de herba e apoia a proposta de mellora das instalacións deportivas do concello.

### **Non se somete a votación o texto da moción**

#### **M-2.- Moción referida á posta en valor do castro Do monte da Chan en Agudelo.**

Dase conta da moción presentada por D. Xosé Manuel Fernández Abraldes, portavoz do BNG no concello de Barro, referida á posta en valor do castro do monte da Chan en Agudelo, que se transcribe literalmente:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Patrimonio histórico é un elemento a coñecer, coidar e poñer en valor tanto para o coñecemento do noso pasado como pola riqueza económica que pode xerar, pola cantidade de visitantes e atractivo turístico do mesmo.

No castro de Sete Fontes realizáronse obras de escavación e valoración do seu xacemento no ano 2007. Procedéndose á documentación dos restos atopados naquela pequena intervención e que deixou claro a grande riqueza patrimonial que no mesmo se atopa.

A Deputación de Pontevedra ten un Plan en colaboración coa Xunta de Galiza e os concellos de 2,5 millóns de euros para a limpeza, escavación e musealización de xacementos arqueolóxicos na provincia. A este orzamento a Deputación pretende engadirle unha importante cantidade de diñeiro que solicita do Ministerio de Fomento en base ao denominado 1% de interese cultural das contratacións públicas.

Neste Plan aparecen os castros de todos os concellos de provincia que contan con este tipo de patrimonio menos o concello de Barro.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello acorda aprobar a seguinte

##### **MOCIÓN:**

Dirixirse á Deputación para solicitar a inclusión do Castro Sete Fontes no monte da Chan en Agudelo no Plan para a recuperación, escavación e posta en valor do patrimonio histórico da provincia, tendo en conta a gran importancia deste castro para o coñecemento da nosa historia e como motor económico para o concello.

Barro, 13 de setembro de 2013.”-----

**Non se producen intervencións, os portavoces dos grupos mostran a súa conformidade coa proposta.**



**Sometida a votación aprobase por unanimidade o texto da moción.**

**6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Sr. Fernandez Abrales, pregunta polo tema de actualidade da rescisión do contrato do mercadillo e a polémica xurdida nos medios de comunicación sobre o tema.

Sr. Alcalde, que se comunicou á empresa concesionaria a rescisión do contrato e a pesares diso algúns vendedores montaron os postos o pasado domingo, informa que lle plantexaron propostas asociacións de comerciantes para montar o mercadillo asumindo o pago anticipado da parte proporcional do canon para manter a continuidade de xeito provisional e así evitar o seu peche o en tanto non se convoque nova licitación e adxudicación, dase o caso de que os vendedores non son responsables nin culpables porque eles pagaban puntualmente sendo o incumplidor o adxudicatario do contrato, e remata a súa intervención manifestando o interese dos comercios e bares da zona no mantemento do mercadillo

Sr. Fernandez Abrales, sinala que o BNG non bota a ninguén do mercadillo, a responsabilidade será en todo caso de que non tomou medidas desde o comezo do incumplimento nos pagos polo adxudicatario, porque si se houberen tomado non se houbera chegado a esta situación.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta polos prazos para a construción do campo de herba sintética.

Sr. Alcalde, que entre a sinatura do convenio e o procedemento de licitación e adxudicación do contrato levara un tempo de tramitación e tamén hai que contar coa chagada do inverno pouco favorable para a execución das obras.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta polo estado de tramitación da finca para a construción dun novo colexio.

Sr. Alcalde, que plantexou a necesidade do colexio a Xunta de Galicia, existe o estudo demográfico do que se deduce a expectativa de crecemento da poboación infantil escolar pero de momento non se avanzou máis.

A sesión rematou ó fin das vinte e unha horas trinta minutos. Dou fe.

